

## CONVOCATORIA DE BOLSAS DE COMEDOR DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CURSO 2024/25

A Universidade da Coruña (UDC) convoca 200 bolsas de comedor para o alumnado matriculado no curso 2024/25, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades de familias con rendas baixas.

O importe de cada bolsa ascende a cincocentos euros (500 €), que se aboarán nun único pagamento.

A dotación total destas bolsas será de cen mil euros (100.000 €) que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 030A 422D 48000.

Esta convocatoria rexerese conforme as seguintes bases:

### 1.<sup>a</sup> SOLICITANTES

Alumnado matriculado nun centro da UDC en estudos oficiais de grao ou máster a tempo completo, no réxime presencial e que manteña a matrícula durante todo o curso 2024/25.

As persoas solicitantes deberán cumprir polo menos **un** dos seguintes requisitos:

- a) Estar aloxadas durante todo o curso académico 2024/25 nunha residencia universitaria da UDC, no marco da convocatoria de prazas nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña para o alumnado da UDC, (Resolución reitoral do 24.05.2024), publicada no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC o 27.05.2024. Deberán estar ao corrente no pagamento dos recibos.
- b) Ter concedida unha axuda do plan propio da UDC para alumnado en situación de refuxio do programa ABRIGA, no curso 2024/25.
- c) Ter concedida unha axuda da convocatoria da UDC para o alumnado en situacións de dificultades económicas, no curso 2024/25.

### 2.<sup>a</sup> INCOMPATIBILIDADES

Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda ou bolsa destinada ao mesmo fin de calquera administración ou entidade pública ou privada.

### 3.<sup>a</sup> PROCEDEMENTO, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

#### 3.1. Procedemento e lugar de presentación

O procedemento desta convocatoria será integramente telemático.

As solicitudes tramitaranse a través do formulario ó que se accede a través da seguinte ligazón:

[https://www.udc.es/gl/sape/bolsas\\_axudas\\_premios/Bolsas-comedor-formulario](https://www.udc.es/gl/sape/bolsas_axudas_premios/Bolsas-comedor-formulario)

#### 3.2. Prazo

Establécense dous prazos segundo os requisitos establecidos na base 1<sup>a</sup> para as solicitudes destas bolsas:

**1º prazo de presentación de solicitudes:** dende o seguinte día hábil ao da publicación desta convocatoria no TEO ata as 23:59 h do 31 de outubro de 2024 unicamente para os/as solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar aloxadas durante todo o curso académico 2024/25 nunha residencia universitaria da UDC, no marco da convocatoria de prazas nas residencias públicas universitarias dos campus de Ferrol e A Coruña.
- b) Ter concedida unha axuda do plan propio da UDC para alumnado en situación de refuxio do programa ABRIGA, no curso 2024/25.

**2º prazo de presentación de solicitudes:** dende o 2 de maio de 2025 ata as 23:59 h do 15 de maio para os solicitantes que cumpran o seguinte requisito:

- c) Ter concedida unha axuda da convocatoria da UDC para o alumnado en situacións de dificultades económicas, no curso 2024/25

Admitirase unha única solicitude por persoa.

#### **4.ª TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES**

As bolsas adjudicaranse de acordo coa media do expediente académico das persoas solicitantes, aproximada a catro decimais, segundo as seguintes normas:

- a) No caso do alumnado que accedese por primeira vez aos estudos universitarios, considerarase a súa nota de acceso.
- b) Para o resto de alumnado, terase en conta a nota media simple calculada segundo a Resolución do 15.09.2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 188, do 30.09.2011) ao remate do curso 2023/24.
- c) Aplicaranse os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación sexa Enxeñaría e Arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación sexa Ciencias e 1,05 se a rama é Ciencias da Saúde.
- d) No caso do alumnado de primeiro curso de máster matriculado por primeira vez no curso 2024/25, estes coeficientes correctores aplicaranse á titulación que lle deu acceso aos estudos actuais.
- e) De producirse un empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matrículas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresaíntes.

#### **5.ª COMISIÓN DE SELECCIÓN**

##### **5.1. Composición**

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes, estará composta polas seguintes persoas:

- a) Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

- b) Secretaria: María Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas
- c) Vogal 1: María Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes
- d) Vogal 2: Irene Rodríguez Ríos, representante dos estudantes

## 5.2. Interpretación

A Comisión está facultada para interpretar tódalas circunstancias que concorran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.

As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal) indicando no asunto “*Bolsas comedor*”.

## 6.ª RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Unha vez avaliadas as solicitudes pola Comisión de Selección, publicaranse no TEO as listaxes provisionais das persoas admitidas e excluídas coa causa da exclusión e a correspondente listaxe de agarda se a houbese.

As persoas excluídas disporán dun prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe no TEO para presentar unha reclamación e/ou achegar documentación.

Examinadas as reclamacións e a documentación presentada, publicarase no TEO as **listaxes definitivas** das persoas admitidas e a listaxe de agarda se a houbese.

As persoas adxudicatarias remitirán á Sección de Bolsas a súa aceptación e solicitarán a alta da conta bancaria onde desexen que se realice o ingreso da bolsa a través da Sede Electrónica da UDC.

Estes trámites levaranse a cabo segundo o procedemento que se estableza na resolución definitiva.

No caso de renuncia das persoas beneficiarias, ou de se lles revogar a bolsa outorgada polas causas indicadas na base 7 desta convocatoria, a Sección de Bolsas porase en contacto coas persoas que figuren na listaxe de agarda, se a houbese, por medio dun correo electrónico á conta da UDC indicada na solicitude, con xustificante de recepción.

As persoas das listaxes de agarda ás cales se lles comunique a concesión dunha bolsa de comedor, disporán dun prazo de **tres días hábiles para aceptala**, tamén mediante correo electrónico. De non se obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncian á bolsa.

## 7.ª PERDA DO DEREITO Á BOLSA CONCEDIDA

Serán causas de revogación da bolsa concedida as seguintes:

- a) Ter coñecemento de que a persoa beneficiaria goza doutra bolsa ou axuda de calquera administración ou entidade pública ou privada destinada ao mesmo fin.
- b) Anulación ou modificación da súa matrícula, de xeito que o/a alumno/a deixe de estar matriculado/a a tempo completo.
- c) Abandono da residencia universitaria antes do remate do curso académico.
- d) Calquera outra que modifique as condicións iniciais que deron lugar á concesión da bolsa de comedor.

De producirse a revogación da bolsa, as persoas adxudicatarias terían que devolver a cantidade percibida.

## 8.ª PAGAMENTO

Unha vez resolta a convocatoria, o pagamento das bolsas farase mediante transferencia bancaria á conta que sinalasen as persoas beneficiarias, da cal deberán ser titulares ou cotitulares. Aboarase nun pagamento único polo importe de cincocentos euros (500 €).

## 9.ª RÉXIME XURÍDICO DESTA CONVOCATORIA

**9.1.** Aplicarase como lexislación supletoria a esta convocatoria, para todo o que non estea previsto nestas bases, a seguinte normativa:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.

**9.2.** As bolsas obxecto desta convocatoria estarán exentas do IRPF nos termos previstos polo artigo 7.j) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, reguladora do imposto da renda das persoas físicas (BOE n.º 285, do 29.11.2006), e o artigo 2 do seu regulamento (Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, BOE n.º 78, do 31.03.2007).

## 10.ª PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos-RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámos/as de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son rúa da Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal)

A solicitude dunha bolsa comedor, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPD, coa finalidade da correcta xestión da bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola

lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>) no apartado Outros trámites.
- b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza, 9, 15001, A Coruña, ben ao correo electrónico [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ben ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal). Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade por delegación do reitor  
(RR 10/07/2024)

M<sup>a</sup> José Lombardía Cortiña